

CONVENIOS DE COLABORACIÓN ENTRE A AGADIC E AS SALAS DE MÚSICA DE TITULARIDADE PRIVADA QUE PARTICIPAN NA REDE GALEGA DE MÚSICA AO VIVO**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic), **DECLARA:**

que, a Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic) ven de formalizar os convenios arriba referidos por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2020 coas seguintes salas de música de titularidade privada:

A Arca da Noe, A Fundación, A Pousada da Galiza Imaxinaria, A Ventana, Aturuxo, Café Cultural Auriense, Baba Bar, Casa das Crechas, Club Clavicémbalo, El Contrabajo, La Fábrica de Chocolate, La Pecera, Moon Music Club, Náutico, Pub Gatos, Sala Garufa, Sala Sete Flores, Sala Ruído e SalaSon.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

"A realización do programa de concertos nas datas de referencia, e nas condicións especificadas no convenio."

Que o instrumento convencional que ven de asinar fundaméntase no seguinte:

"Unha das funcións da Agadic, segundo a súa normativa de creación aprobada pola Lei 4/2008, do 23 de maio, é promover a distribución dos produtos culturais do noso país, fomentando a creación de públicos e facilitando o acceso da cultura galega a novos mercados. Nesta liña o obxectivo principal da Rede Galega de Música ao Vivo é propiciar programacións estables nas salas de titularidade privada integradas na mesma co obxecto de promover a difusión de grupos musicais galegos así como abrir novos mercados para a música."

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

